CARBALLO

Comunidade titular: Parroquia de San Xiao de Carballo (Friol)
Forma xurídica: MVMC
Superficie: 716 ha
N.º de comuneiras/os: 40 (14 mulleres, 26 homes)
N.º mulleres no órgano de goberno: 2 (de 10)

Brañas nas Sete Fontes

Rapa das bestas no curro das Sete Fontes

CONTEXTO

Situación

Os montes de Carballo sitúanse no extremo entre o Concello de Friol e o de Toques e ocupan a vertente leste dos Montes do Corno do Boi, así como o Monte do Cordal e outras parcelas de menor tamaño. A parte máis extensa supón a continuación ao norte da Serra do Careón. A súa altitude varía entre os 421 e os 753 m. Atravesan o territorio veciñal o rego de Candaíde e o río Catasol ou do Carballo, ambos tributarios do río Narla. A parroquia conta con 12 entidades de poboación, estando situada a 6 km da cabeceira municipal e a 31 km da cidade de Lugo.

Síntese histórica

Durante a Idade Media e Moderna a parroquia de Carballo foi parte do Couto da Rocha de Narla, casa forte ligada á Real Encomenda da Barra da Orde de Santiago, aínda que tamén o mosteiro de Sobrado tiña aforados numerosos bens nos seus distintos lugares. Posteriormente, tivo un papel destacado na parroquia a pequena fidalguía, nomeadamente a Casa da Fraga. A importancia gandeira da parroquia xa queda evidenciada no Catastro de Ensenada, no que se fan constar máis de 400 cabezas de bovino, 1000 de ovinocaprino e 250 de porcino, sendo o monte común chave no seu mantemento. Esta situación muda cando en 1944 os montes se incorporan ao Patrimonio Forestal do Estado e se inicia a reforestación forzosa, con numerosos expedientes de denuncias por conflitos co gando veciñal nos anos 1940 e 1950.

En 1976, o monte de Carballo foi clasificado como monte veciñal en man común, aínda que continuou a ser xestionado pola administración forestal mediante consorcios e posteriormente convenios até o ano 2006. Nese momento, a comunidade rescinde os acordos e comeza a facer unha xestión directa do monte coa vontade de cambiar o modelo de produción forestal intensivo cara a un modelo baseado no silvopastoreo.

Lumbrín (*Dactylorhiza maculata*) [M. Fiz]

Ra do monte (*Rana temporaria parvipalmata*) [C. Boullón]

Orballiña (*Drosera intermedia*) [M. Fiz]

AUTORÍA E CONTRIBUCIÓNS

Joám Evans Pim
Belén Albor Nimo
Ángel Buján Zas
José M. Yglesias Espiño
Bruno Ruival



Brañas das Sete Fontes nos Montes do Corno do Boi

VALORES DE CONSERVACIÓN

O monte do Corno do Boi linda polo SO coa Zona de Especial Conservación (ZEC) da Serra do Careón. A continuación desta serra para o norte, incluíndo parte do monte veciñal, foi proposto en 2008 como o novo LIC da Serra da Cova da Serpe, que non chegou a aprobarse. Na zona das Sete Fontes, nacentes do rego da Salgueira, existe unha extensa zona de brañas dunhas 23 ha con presenza de hábitats de tremoais oligotróficos (7140), queirogais húmidos (4020*) e megaforbios eutrofos (6430). Están presentes especies como a orballiña (*Drosera intermedia*), o satirión apincarado (*Dactylorhiza maculata*) ou a ra galega (*Rana temporaria parvipalmata*). Noutras partes consérvanse carballeiras (9230) e soutos (9260), estando a totalidade do monte veciñal na Reserva da Biosfera das Terras do Miño que linda coa das Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo. Existe presenza significativa de lobo ibérico (*Canis lupus*).

O Camiño do Norte a Santiago pasa polo linde norte do monte, preto da necrópole megalítica do Monte do Cotón, mentres que o resto do territorio veciñal alberga numerosos elementos patrimoniais que inclúen os 8 túmulos da necrópole das Gándaras de Relucín ao leste e as necrópoles do Monte Candaíde e Monte do Cordal con 9 túmulos na parte central da parroquia.

Besta co seu poldro nunha zona de silvopastoreo

Cabras galegas xestionadas mediante rotación con peches móbiles

BOAS PRÁCTICAS

Recuperación do sistema silvopastoral

En 2008, a comunidade decide introducir bestas (*Equus ferus atlanticus*) para a conservación dos hábitats asociados a brañas e reducir o risco de incendios mediante as prácticas de silvopastoreo. Desde entón, as bestas convertéronse nun signo distintivo da comunidade, que polo seu labor de recuperación desta raza recibiu múltiples premios e distincións. A aposta por esta especie autóctona veu dada pola súa resistencia e capacidade de adaptación a condicións climatolóxicas adversas. Pasouse de 15 exemplares iniciais a 55 cabezas na actualidade que se manteñen en réxime de semiliberdade en 270 ha de monte.

Logo da experiencia silvopascícola con bestas, en 2015 a comunidade decidiu introducir 60 cabezas de porco celta, para o que se habilitou unha área de 15 ha para desenvolver dous proxectos de innovación mediante grupos operativos. En 2019 estendeuse a cabana da comunidade para incluír cabra galega para procurar chegar ás zonas que os porcos e os cabalos non alcanzaban. O número de cabezas varía ao longo do ano entre as 50 e as 100 (historicamente a parroquia chegou a contar con máis de 1000 cabezas de gando ovinocaprino). As cabras vanse movendo por todo o monte en zonas de 3 a 5 ha.

De forma parella á reintroducción de bestas e outro gando, a comunidade recuperou a tradicional "rapa das bestas", procurando divulgar o importante papel que teñen estes animais no monte. Desde 2016 tamén se organiza anualmente a Festa do Porco Celta.

Apiario comunitario en Sete Fontes

Restauración do bosque autóctono

Nos últimos anos recuperáronse máis de 10 ha de bosque autóctono que procuran rexenerar hábitats de carballeiras (9230) e soutos (9260) en zonas previamente dominadas por coníferas. O proxecto de ordenación contempla unha ampla superficie de 108 ha con uso protector ("Área de Conservación e/ou Restauración de Ecosistemas Nativos") que engloba as áreas de conservación na contorna do Corno do Boi, zonas actualmente ocupadas por frondosas e superficies designadas para a súa transformación futura en bosques de frondosas autóctonas, con 50 ha. Dentro dese proceso, e como parte dos compromisos asumidos pola comunidade na certificación FSC (que implica que no mínimo o 10 % da masa forestal sexa xestionada para manter ou restaurar o hábitat forestal autóctono), chegouse a un acordo con WWF para a recuperación dos hábitats forestais orixinarios nunha zona de ribeira próxima á área recreativa de Relucín, con financiamento mediante mecenado. WWF iniciou as actuacións en 2013 con tres rodais de 1,5 ha nos que se plantaron 1200 exemplares de carballo, bidueiro, érbedo, teixo, abeleiras, cerdeiras e maceiras.

Reintrodución de apiarios

Polo destacado papel das abellas na polinización de gran cantidade de plantas silvestres e co obxectivo de potenciar a recuperación destes insectos, a comunidade instalou inicialmente 12 colmeas nun cortalumes verde no monte do Corno do Boi, aproveitando a presenza de zonas extensas con hábitats de queirogais con abundante flora melífera. Actualmente, a comunidade conta con 20 colmeas que producen un mel multifloral, claro e con alta presenza de pole de silveiras. Se ben se comercializou o mel durante algún tempo baixo a marca "Sete Fontes", na actualidade a produción é repartida entre as casas comuneiras, buscando facer partícipe do proceso e do beneficio á veciñanza.

Divulgación dos valores sociais e ambientais

A comunidade ten un importante papel na potenciación dos vínculos veciñais co territorio, na conservación da cultura e tradicións locais e no fomento dos usos sociais e recreativos do monte aliñados coas prácticas de conservación (incluíndo a conservación da área recreativa de Relucín). Para ese fin, en 2012 a comunidade promoveu a constitución da Asociación Cultural e Recreativa Carballo Vivo como ferramenta para abrir o monte a todas as persoas interesadas da contorna e non apenas aos comuneiros. A través da asociación organízanse xornadas de interpretación e dinamización ambiental. A comunidade tamén promove accións de voluntariado, incluíndo de apoio á xestión do silvopastoreo, e entre 2008 e 2013 publicou unha revista na que se divulgaba o traballo realizado no territorio.

Silvopastoreo

O **silvopastoreo** é un sistema de xestión da terra que busca encontrar o equilibrio entre a presenza de masas arbóreas madeireiras e o gando. Con este método procúrase reducir e controlar o combustíbel vexetal para previr incendios forestais; axudar a protexer e manter a biodiversidade, pois aumentan a abundancia e diversidade da vida salvaxe; mellorar os solos e incrementar e diversificar as fontes de ingresos do monte.

Cabalos en rexime de silvopastoreo nunha zona de piñeiral

FONTES E RECURSOS

- Fondo Documental do Monte Galego (1976). Carpeta ficha do monte veciñal en man común de Carballo. Dispoñíbel en: https://documentacionmontegalego.xunta.gal/es/documentos/carpeta-ficha-do-monte-vecinal-en-man-comun-carballo-clasificado
- Nieto Romero, M. (2022). *(Re)building historical commons. Exploring forest commoning as a transformative practice in the Northwestern Iberian Peninsula* [tese]. Wageningen: Wageningen University. Dispoñíbel en: https://library.wur.nl/WebQuery/wurpubs/606248
- Presedo Garazo, A. (1997). "A pequena fidalguía rural e a parcería de gando: a casa da fraga de San Xiao de Carballo -Friol-, (1680-1800)," *Cuadernos de estudios gallegos*, 109 (44): 53-78. Dispoñíbel en: https://dialnet.unirioja.es/servlet/articulo?codigo=1709465
- Yglesias Espiño, J. M. (2010). "Proxecto silvopastoral con cabalo de pura raza galega no M.V.M.C. De Carballo (Friol)," en Simón Fernández, X.; Copena Rodríguez, D., coords., *Soberanía alimentaria e agricultura ecolóxica: Propostas de acción*. Vigo: Universidade de Vigo, pp. 121-126. Dispoñíbel en: https://www.investigo.biblioteca.uvigo.es/xmlui/handle/11093/2011
- Yglesias Espiño, J. M. et al. (2018). "La autogestión de los Montes Vecinales en Mano Común. El caso del MVMC "De Carballo", Friol (Lugo)," en 7º Congreso Forestal Español, Plasencia, España. Dispoñíbel en: https://secforestales.org/publicaciones/index.php/congresos_forestales/article/view/18577/18309
- UvigoTV (2020). "M.V.V.M-C. de Carballo Friol - Lugo". Dispoñíbel en: https://tv.uvigo.es/video/5fd72b20765a4e48f70860f5
- WWF (2013). Hojas de restauración responsable (Carballo). Dispoñíbel en: http://awsassets.wwf.es/downloads/ficha_restauracion_carballo.pdf

A COMUNIDADE NA REDE

www.mvmcdecarballo.com carballovivo

CAPRIf-CC

Socios:

Fundación Juana de Vega

CENTRO DE ESTUDIOS EUROREXIONAIS GALIZA NORTE DE PORTUGAL

montescola

CETEMAS
CENTRO TECNOLÓXICO FORESTAL Y DE LA MADERA

Financiado por:

GOBIERNO DE ESPAÑA
VICEPRESIDENCIA TERCERA DEL GOBIERNO
MINISTERIO PARA LA TRANSICIÓN ECOLÓGICA Y EL RETO DEMOGRÁFICO

Fundación Biodiversidad

Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia

Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU

CAPRIf-CC

O proxecto CAPRIF-CC conta co apoio da Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerativoEU.